



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA (RODRÍGUEZ A CORUÑA)

Parque Municipal s/n CP 15320 Teléf.981453116 REL 01150709 CIF P1507100D <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Ref.: MVA

Expte. núm. 2023/X998/000091

Marina Núñez Orjales, secretaria do Concello das Pontes de García Rodríguez (A Coruña),

CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello que tivo lugar o día 07/07/2023, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

6º.- APROBAR A PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO

O presidente deu conta da proposta que se presenta respecto da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.

A continuación, ábrese a queda de intervencións (...)

Ao non producirse máis intervencións, o Pleno á vista dos antecedentes do expediente e do disposto no apartado 2, letra a) do artigo 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, acorda con 6 votos a favor dos representantes do grupo político do PSdG-PSOE e 5 votos en contra (3 dos representantes do grupo político do BNG e 2 do grupo político do PP):

1º) As sesións ordinarias do Pleno da Corporación municipal serán de carácter bimensual e terán lugar os meses de xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro, ás nove horas e trinta minutos (09:30) do primeiro mércores de cada un dos meses sinalados, con excepción dos meses de xaneiro e setembro, que se celebrarán o segundo mércores do respectivo mes. Se o día que correspondese sesión fose festivo, esta trasladaríase automaticamente ao seguinte mércores hábil.

2º) A primeira sesión ordinaria do novo mandato corporativo terá lugar o día 13/09/2023.

Expido este certificado para que conste no citado expediente, coa salvidade prevista no artigo 206 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais), co visto e prace do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos

O concelleiro-delegado (V.e Pr.)

Antonio Alonso Román